# MITOLOXÍAS *d'estas* TERRAS




↓ Rafael Cascudo Noceda

*Tamos dentro d'un territorio unde s'atopan a cada pouco señales de crencias ancestrales que nos falan de seres ben estraños. Sabemos qu'antias da chegada del cristianismo os ástures rendían culto a antiguos dioses. Montes y ríos taban consagraos a Deva; as tormentas eran gobernadas por Taranis; Lug miraba pola vida dos primitivos pobladores d'Asturias. Cua chegada del cristianismo, a nova relixón, estos dioses y outros muitos foron esqueicidos ou sobrevivîron trasformándose en mitos populares.*

Na nosa cultura tradicional hai formas propias d'entender el mundo y a esistencia. Así a tormenta nun é sólo tormenta: detrás ta el *nubreiro* que las dirixe. As cousas nas casas desordénanse ou tresmúndanse non por si mesmas: el *trasno* é el encargao de felo. As tiseiras ou el cuitelo nun se perden: temos que ter en conta al *sumicio*... A mentalidá popular recurre a seres que tán detrás del mundo físico. Pertenecen a outro mundo, al espiritual, peró é úa espiritualización mui relativa. As esplicacióis y os seres foron antropomorfizaos y por eso tein trazas humanas, non sólo na vestimenta, como el sombreiro del nubreiro ou el pucho del trasno, senón tamén nel sou carácter y na súa manera de ser.

Fer un relato dafeito de todos estos seres y das súas características y influencias sería algo que desbordaría as fronteiras d'un artículo pequeno como este, así que vou falar d'algún d'elos y sobre todo d'hestorias cuntadas nel conceyo de Tapia ou nel vecín del Franco, pra dar asina úas pinceladas pequenas sobre el tema.

## El nubreiro

El *nubreiro* que domina as nubres, é el señor del relustro, del orbayo, das auguas y das tormentas. D'este xigante de brazos mui largos y que leva un gran sombreiro, cûntanos Francisco Méndez Lombardía, de 60 anos y nacido en Andía (El Franco), lo que sigue y qu'a él yo cuntaron os sous mayores:

*«El nubreiro parecía polla contornada d'Arancedo, Andía, A Braña y outros pueblos del conceyo del Franco. Era mui malo y sempre llevaba el mal tempo. Un día de brao, nel que tían el trigo segao y posto en gavelleiros, empezaron a poñerse caras de torbón y de*





poder cayer pedrisco. Toda a xente da contornada pasóu muito medo y susto. Al final as caras desapareceron. Al pouco, atoparon un home barbudo y feo todo machacao y perguntáronye por qué taba asina y díxoyes: "Voume d'aquí, porque a Capelluda da Braña y el Barbudo d'Arancedo tiráronme pol Rebouquedo". Lo que pasóu foi qu'a patrona da Braña (a virxe da Braña) y San Cibrán, el patrón d'Arancedo, que ten barba, déronye úa búa machuca al Nubreiro»*.

Todos estos costumes, crencias y ritos d'outros tempos fóronse descastando ou debilitando, barridos ou erosionaos pola uniformidá qu'impuxeron os medios de comunicación, el incremento das migracióis, el turismo y outros factores ben conocidos.

## As encantadas

As *encantadas* ou *moras*, réplica das xanas del centro d'Asturias, son muyeres mui guapas, de melenas largas y peleyo mui branco, que viven nas fontes, nos ríos, nas covas abrigadas y que dispóin de peñes d'ouro, tesouros inmensos y grandes riquezas. Salen na noite máxica de San Xuan.

Marcelino Fernández y Fernández, nel sou llibro *El Franco y su concejo* (1898), dice qu'al pé da senra del Rei Castro, enfrente al Cabo Branco, en Valdepares, nun sito que se chama Polía, hai úa fonte unde polas mañás, sobre todo na de San Xuan, era crencia que parecera algúas veces úa *mora encantada*, ama d'un respetable tesouro, del que naturalmente feiría partícipe al sou libertador. Taba alí castigada por sou padre, porque la vira namorada del Rei Castro.

En Campos (Tapia), na veira das arribadas que dan al mar, ta A Peneidrada, especie de dolme ou túmulo funerario unde hai úa lenda que cunta que nas noites de San Xuan, al dar as doce, sale úa encantada ou bruxa a peñar a súa larga melena roxa con un peñe d'ouro. Cuntan d'ela que trasforma os homes en penedos arredondiaos que quedan por alí medio enterraos alredor da Peneidrada. Son homes que cometeron el error de quedar mirando prá encantada. Debaxo da pedrúa hai un enorme tesouro al que polo visto sólo se pode acceder levando úa parexa de bois novos y tirando da pedra xusto condo el reló marca as doce da noite.

## El trasno

El *trasno* é un duende que se mete nas casas y que, desque ta dentro, revólvelo todo y cambía as cousas de sito, anque a zuna pode ser a contraria, ou seña, a de colocalo todo y deixalo todo ben posto. A imaxinación popular dibúxalo con un pucho colorao y a súa figura parece mezcrase cua del demo ou *diañu burllón*. Por esta terra os relatos que nos falan del trasno cuntan cousas que noutras zonas d'Asturias fain propias del *diañu burllón*.

Auria Pérez Méjica, de 83 anos y que vive en Ca el Amesto, na Granda (Mántaras), cúntanos lo que sigue:

*«A xente d'un pueblo foi moler al molín y na porta del molín parecéuseyes un nenín. Recoyéronlo y arroupáronlo, pos taba medio espido y tía frío y condo lo calentaron y ye puxeron roupa, desaparecéu y al bocadín empezóu a rirse dende el pico del molín, dicindo: "Cucurucú, qu'as nenas d'este pueblo calentáronme el cul"».*



Dibuxo: BERTO A. PEÑA

*Os trasnos*

A mesma informadora dícenos tamén esto:

*«Cuntan d'úas muyeres qu'iban filar polas casas y fixeron pan na brasa da cocía pola noite. Baxóu el trasno, metéu a mao nel lume y levóuyes el pan».*

Nel primeiro dos relatos a figura aparécese al demo burlón, mentres que nel segundo é máis asomeñada á figura del trasno, anque nos dous casos Auria fálanos del trasno.



Dibuxo: BERTO A. PEÑA

*El patarico*

Francisco Méndez, d'Andía, relatóunos cousas qu'él ye escuitóu a súa madre, qu'en paz descanse:

*«Al trasno gustábaye fer trasnadas y andaba sempre polla noite. Había úa muyer en Andía que tía un telar (chamábanye Pepa del Mozón) y tuvo que deixar el sou telar porque todo lo que fía ella pol día, vía el trasno polla noite y desfiayo. Un día cuntóuye lo que taba pasando a úa vecía, de nome Pepa de Polinar, y esta díxoye: "¡Eso pásache porque tu ques! Déixaye as concas y os pratos derriba del telar y condo veña y ch'empece a revolver, van cayerye y romper, y entoncias nun volve máis, porque en conto rompe úa cousa desaparece". Así lo fixo Pepa y el trasno desapareceú pra sempre».*

Benigna Alonso, de 83 anos, que vive en Ca Ron, en Pedralba (Serantes-Tapia), cúntanos lo que sigue:

*«Era un rapaz que se chamaba Agustín y que vía de ver a moza. Achegóuseye un neno y pidíuye se lo levaba d'a cabalo. Agustín subíulo y d'alí a un pedazo notóu que ye medraban as pernas, cada vez medrábanye máis y máis... y condo chegóu â casa, subíu polas escaleiras y, al entrar pola porta del sou cuarto, abríronse as ventás igual que se fixese muito vento, peró el día taba calmo y nun había miga d'aire. El mozo cayéu desmayao tan largo como era. Os da casa metéronlo na cama y a os poucos días muríu de pulmonía. Solía dicirse qu'el neno era el trasno».*

Aquí el actuación del neno volve pintar ser propia del demo; sin embargo, Benigna fálanos del *trasno*.

## El sumicio

Condo se busca úa cousa y por máis que miras nun la atopas, a bon seguro que la levóu el *sumicio*. É un ser invisible, anque hai sempre daquén qu'afirma que lo víu marchando con algo y que ten pinta de duende pequenín. El escritor tapiego Manolo *Galano* cuntábame el outro día que na súa casa da Roda, condo se perdían as tiseiras, el cuitelo ou cualquera cousa, sempre ye botaban a culpa al dichoso sumicio.

## El patarico

Nestas terras da marina occidental d'Asturias a xente fala de que delantre das nosas costas hai un país fantástico unde viven os *pataricos*, us seres xigantes que sólo tein un oyo nel medio da frente. Entre as súas dotes ta un olfato mui grande pra ulir os náufragos que chegan ás súas ribeiras y devoralos crus, xa que nun conocen el fougo. Dicen que guardan tesouros y cúntanse muitas hestorias relacionadas con elos.

## El home marín

Tamén nas costas de Tapia y el Franco, nas covas dos nosos ribeiros, habita el *home marín*, ún dos cocos dos nenos dos marineiros. Ten dentes averdosaos, corpo cuberto d'escamas, mitá home y

mitá peixe. Este monstro asolaba redes y apareyos y movíase con gran axilidá, tanto nel mar como na terra. Diego Fernández Méndez, nel sou libro *Callejero de Tapia de Casariego*, condo fala da "Plaza del Maestro Baldomero Pérez Martínez" y del nome veyo que tía a praza, *das Escobas* ou *das Covas*, cunta refiríndose a esta última variante:

*«Sí en cambio es posible que el segundo de los nombres, "Das Cobas", tenga sentido, dado que a través de esta calle-plaza, se accedía rápidamente a las cuevas situadas en la playa tapiega, "As cobas da praya da Ribeiría" y mui especialmente a la más popular de todas ellas, "A Coba sin Fin".* [...Pola praza] *pasarían infinidad de generaciones de niños tapiegos a ver "a Coba sin Fin", aquella que según el decir, era residencia del Home Marín. Por esta plaza transitaría imaginariamente en la mente de todos ellos, ese personaje en noches de temporal y ventolera; y los mayores un poco temerosos también del mismo pasarían silenciosos hacia la playa con el fin de no despertarlo. De su presencia no siempre benéfica dicen mucho algunos entrañables cantares: "Home Marín, Home Marín, sale da coba y cómeme a min". Lo que de alguna manera era una invitación a que el legendario personaje abandonase su morada y se dejase ver, además de incitarle a que uno mismo le sirvise de almuerzo...».*



Quédannos muitos máis: as *serenas*, os *ventolíos*, os *espumeiros*, el *home del saco* ou el *papón*...

Todas estas figuras y muitas máis que nun citamos, supóin úa tradición d'enorme valor. Y hai que fer constar qu'este mítico mundo astur nun ten parangón nel resto da Península; é úa das grandes creacióis da tradición europea y sólo nos grandes países xermánicos y nórdicos atopamos úa forza similar na creación y fantasía d'un poblo.

Segurísimo que nos nosos mayores quedan esqueicidas, ou frescas, centos d'estas hestorias, qu'agora xa nun se cuntan por mor de nun sei qué pudor, ou porque vivimos nas présas y nel mundo rápido das hamburguesas y das pizzas. Cónto ben nos feiría pararnos con elos y botar us parzamiques, deixándoyes que nos relaten toda a súa sabiduría y os sous valores y, cómo non, entre as súas hestorias haberá muito de mito ou de lenda, peró tamén del saber tradicional d'Asturias, que se lo escribísemos ou grabásemos, había valirnos pra ser máis ricos en sabiduría popular. Hai qu'espertar el amor pol legao dos nosos mayores y dalo a conocer a os nosos fiyos porque lo qu'agora pra nosoutros é mito ou lenda, noutro tempo foi cencia y espírito popular.

Nun quero rematar estas renguleiras sin daryes as gracias a os nosos informadores y sin fer referencia a algúas das personas qu'estudiaron y estudian estos temas como Elviro Martínez, Miguel I. Arrieta, Roberto González-Quevedo ou Alberto Álvarez-Peña.




*XUNTA DE MITOS*

- Autor: Rafel Cascudo Noceda.
- Illustracióis: Alberto Álvarez Peña.
- Colección Xeira garatusa nº 1, Xeira, 2000.
- 40 páxinas.

Rafael Cascudo Noceda, maestro d'escola na súa Tapia natal, hasta hai pouco foi profesor de gallego-asturiano. Xa anos antias el esmolemento pola súa fala materna lo llevara a escribir, d'emparzao con outros maestros compañeiros, el que foi primeiro llibro infantil en gallego-asturiano, *Xelín y Toxo*, que, al cabo, despóis de muita demoranza, publicóuse en 1995 pola Conseyeiría de Cultura.

Da súa esperiencia na escolarización da nosa fala, deunos dalgúa noticia en númaros anteriores d'*ENTRAMBASAUGUAS*. Agora volve alló cua mitoloxía asturiana porque é un asunto que sempre ye interesóu y del que ten botao mao ben veces nel aula. Y é que mitoloxía y público infantil é úa parexa búa d'axugar. Eso é el que fai con mao avezada nel llibro qu'acaba de publicar, *Xunta de mitos*, relato ganador del *IX Premio Xeira de narracióis curtias*.

El llibro, con úas guapísimas illustracióis de Berto Peña, cunta el xuntoiro de mitos qu'houbo úa noite na Praya da Ribeiría de Tapia. Trasnos, homes maríos, sumicios, encantadas, homes del saco, nubreiros, a Santa Compaña, busgosos... xuntáronse a discutir qué fer pra qu'a xente, neste mundo d'hoi que vive ás carreiras y que nun ten vagar de parar a escuitar un conto, nun los esqueicera. Condo máis encenegaos taban discutindo, nesto... Nun cuntamos máis: quen quira saber cómo sigue, xa sabe qué ten que fer.